



O SERVIZO DE PNEUMOLOXÍA PARTICIPA NUN PROXECTO CON PESCANOVA PARA MELLORAR O DIAGNÓSTICO DA EPOC ENTRE O SEU PERSOAL

- *Grazas á iniciativa FARO EPOC, os profesionais do Álvaro Cunqueiro formarán ao persoal do Grupo Nova Pescanova e realizarán probas aos seus traballadores con dispositivos dixitais portátiles de screening*
- *A Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica (EPOC) é a cuarta causa de morte en España e a terceira en todo o mundo*
- *En España rexístranse máis de 98.500 hospitalizacións por EPOC ao ano e causa entre 100.000 e 150.000 baixas temporais e entre o 5% e o 10% das incapacidades permanentes*

Vigo, 29 de xuño de 2022. O servizo de Pneumoloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro participa nun proxecto nacional para mellorar o diagnóstico temperá da Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica (EPOC).

Trátase do Proxecto FARO EPOC (Formación e Detección de Alteracións Respiratorias Obstrutivas), unha iniciativa pioneira en España, coorganizada por AstraZeneca e o Grupo Nova Pescanova, ademais do servizo de Pneumoloxía. O obxectivo é concienciar sobre o impacto da EPOC na poboación activa e mellorar o seu infradiagnóstico no noso país, que alcanza o 74,7%.



Así, a través desta iniciativa os profesionais do Álvaro Cunqueiro formarán ao persoal do servizo de Medicina Laboral do Grupo Nova Pescanova e realizarán probas aos seus



traballadores con dispositivos dixitais portátiles de screening, que permiten a medición da obstrución pulmonar dunha forma moito máis rápida que as utilizadas habitualmente.

Segundo explica o xefe do servizo de Pneumoloxía, Alberto Fernández Villar, "trátase dun proxecto diferente a outras accións que se viñan realizando ata o momento nesta liña, porque inclúe elementos que combinan tanto a formación dos profesionais, a información aos traballadores da empresa e a innovación, como a introdución do uso de dispositivos simplificados para a detección de alteracións respiratorias obstrutivas validadas previamente polo Servizo Galego de Saúde. O obxectivo final é promover a saúde respiratoria, poñendo o foco especialmente na enfermidade respiratoria crónica máis frecuente, que é a EPOC".

Grave problema de saúde

En España, a EPOC representa un grave problema de saúde. É a cuarta causa de morte -a terceira en todo o mundo- e as súas taxas de infradiagnóstico apenas evolucionaron nos últimos anos. Desde 1997, só se mellorou catro puntos porcentuais (78% no devandito exercicio).

Cada ano en España rexístranse máis de 98.500 hospitalizacións e entre 100.000 e 150.000 baixas temporais por EPOC. A enfermidade é responsable de entre o 5% e o 10% das incapacidades permanentes e as súas agudizacións supoñen o 10% do total de ingresos médicos hospitalarios no noso país.